



Ante o feminicidio de Andrea Ytury:

Compañeras, este martes coñeciamos a terríbel nova dun novo feminicidio en Ribeira.

Desde o feminismo galego activamos o noso protocolo de alarma, que ten como obxectivo dar unha resposta contundente que se materialice en mobilizacións en repulsa da violencia machista por todo o País. Desde o ano 2010 son máis de 70 as mulleres asasinadas en Galiza, hoxe volvemos estar na rúa para condenar outro crime, o de Andrea Yturri, veciña de Ribeira de 25 anos.

Este é o primeiro feminicidio en 2024 na Galiza, segundo datos oficiais. Datos oficiais que esquecen a compañera asasinada en Vigo, datos oficiais que esquecen Nerea Añel despois de que o responsable da súa morte saíse impune hai dúas semanas.

Datos oficiais amparados por institucións que na práctica pouco fan polo combate da violencia machista. Institucións que estamos fartas de sinalar como parte das violencias que sufrimos, un sistema que non actuou contra o feminicida. Ningunha das políticas que se desenvolven desde a Xunta, desde o Estado, ningunha das leis que se promoven foi suficiente para que hoxe non esteamos aquí, por ela, por todas elas.

Xa non queremos minutos de silencio nin loito, queremos xustiza, queremos acabar coas políticas criminais que acaban coas nosas vidas, co noso dereito a vivir. Esiximos que a lei sexa efectiva, esiximos recursos suficientes para abordar este problema e un compromiso real por acabar co terrorismo machista.

Esiximos que a xustiza deixe de servir ao patriarcado, que non deixe a máis violadores libres por ter cartos, que deixe de ditar sentenzas contra as mulleres que sufren violencia.

Vimos estes días tamén como a xustiza asasina ao non activar os instrumentos de que dispón para protexer as vítimas, segundo vimos nesta mesma semana no Estado Español, co que compartimos sistema xudicial.

Non podemos normalizar os feminicidios sen que pase nada. Ante cada novo asasinato machista hai cada vez más indiferenza e atopamos por parte das institucións e dunha gran parte da sociedade unha simple declaración ritual como se fose inevitábel. A cantas nos teñen que matar para que este sexa un problema social e político de primeira orde?

Hoxe tomamos a rúa por Andrea Yturry para responder á violencia que sufrimos as mulleres e á súa máxima expresión: o feminicio. Somos e seremos o berro das que non teñen voz e non queremos máis xestos nin minutos de silencio, porque a pasividade institucional é cómplice da violencia machista!

QUERÉMONOS LIBRES E QUERÉMONOS VIVAS! Por Andrea Yturry e por todas, seguiremos en marcha até que todas sexamos libres!